

Homologación retributiva en Galicia

Abelardo Conde Núñez

Desde que as organizacións sindicais representativas do profesorado público (F. do E. de CC.OO., FETEUGT, UCSTE, ANPE e CSIF) elaboraron en febreiro do 88 a plataforma reivindicativa unitaria que daría lugar a maior mobilización que viviu este colectivo desde a súa existencia, a homologación retributiva dos docentes cos demais funcionarios/as pasou a formar parte das demandas sindicais asumidas por todo o profesorado e recoñecida por amplos sectores da sociedade.

O Acordo entre o MEC e as organizacións sindicais asinado o 19 de novembro do 88, acordo que pechou aquel conflito, significou un paso moi importante na satisfacción desta demanda con subas de 24.163 ptas. para os mestres/as de EXB e 25.097 para os profesores/as de Ensino Medio. Pero cecais tanto ou mais importante que as cuantías resultou se-lo recoñecemento do principio da homologación reflexado por primeira vez nun convenio destas características.

Cando en Galicia se chega a un acordo entre a Consellería de Educación e os sindicatos (F. do E. de CC.OO., FETE-UGT, UCSTE e CSIF) o 6 de febreiro do 89 tamén se recolle o compromiso de determinalos salarios dos docentes «... en forma tal que ás retribucións dos mesmos estén homologadas coas que perciban os funcionarios de igual categoría».

O recoñecemento do principio da homologación é un dos aspectos fundamentais, en opinión de CC.OO., dos acordos asinados xa que supón o compromiso de revisar continuamente as retribucións dos docentes con respecto ás dos demais funcionarios/as.

O día que se asina o acordo de Galicia estaba sen aplicar aínda o novo sistema retributivo contemplado na lei 30/84 para os funcionarios/as non docentes da Comunidade Autónoma. O 1 de xuño do 89 o Consello da Xunta de Galicia aproba o novo sistema retributivo para os funcionarios/as desta Administración (DOG do 9 de xuño).

Este acordo conleva unhas subas importantes que lle dan un novo senso ó contido do Convenio xa que provoca un grande desfase entre os funcionarios/as docentes e os demais funcionarios/as de igual categoría.

Coa aprobación das novas retribucións, un funcionario/a do grupo B (os que contan con título de diplomado) cobra, como mínimo, 14.273 ptas. mais cada mes, que un profesor/a de EXB; e se ese funcionario/a ten unha xefatura, a diferenza será de 49.833 ptas. A situación no grupo A (para o que se require título de licenciado) é mais ou menos similar, neste caso todo funcionario/a non docente cobra, como mínimo, 18.446 ptas. mais que un profesor/a de Medias e, se ten xefatura, a diferenza será de 91.449.

Determinación da debida retributiva en concepto de homologación

Os criterios que vén manexando de sempre a F. do Ensino de CC.OO. para o cálculo da homologación son os seguintes:

1. As retribucións complementarias dos docentes deben situarse na media ponderada dos funcionarios/as de igual categoría (grupos A e B).

2. Os incrementos retributivos deben ser aplicados linealmente a todo los docentes, xa que consideramos a actual división en corpos con diferentes titulacións inxustificable e apostamos por seguir avanzando no camiño do corpo único, por tanto, CC.OO. rexeita e rexeitará calquer intento de agranda-las diferencias.

Nos cadros anexos recóllese o estado actual das retribucións de docentes e non docentes, así como os cálculos que a F. do Ensino de CC.OO. de Galicia realiza para determina-la debida retributiva en concepto de homologación, en base ós criterios expostos mais arriba. Como se pode ver o maior desfase prodúcese nos Complementos Específicos.

Os docentes perciben hoxe 62.877 Ptas. menos que a media dos funcionarios/as non docentes. Unha vez incorporados todos os incrementos recollidos no Convenio do 6 de febreiro do 89 con Educación e na hipotese de que se manteña o actual cadro salarial dos non docentes, estes seguirían percibindo retribucións medias superiores ás dos docentes: concretamente 53.877 Ptas. cada mes. Diferencia que CC.OO. entende que debería correxirse no Complemento Específico xeralizado, xa que o Complemento de Destino está bastante equilibrado. Esta situación aínda pode verse alterada ó alza, xa que quedan pendentes os catálogos de postos de traballo na Administración Autónoma Galega.

Conclusions

A vista destes datos podemos comprende-la importancia de que no Convenio de 6 de febreiro aparece o recoñecemento e o compromiso da Xunta de Galicia de homologa-las retribucións dos funcionarios/as docentes cos non docentes.

Así mesmo agora comprendense tamén as resistencias que topou á introducción desta cuestión nos acordos co MEC e cas Comunidades Autónomas, resistencias so superadas gracias ós esforzas de todo o profesorado e a firmeza de CC.OO..

Pese a esto a ninguén se lle escapa que toparemos aínda confortes atrancos que teremos que superar para conqueri-la efectiva aplicación do contido do Acordo. Se nos dirá unha vez mais que é difícil de aplicar porque somos moitos (23.917 profesores/as), e que resulta moi costoso (15.462 millóns por ano en pesetas do 89 sobre unha nómina de 53.000 millóns).

As dificultades serán grandes e teremos que xuntar forzas para vence-las resistencias, pero xa ninguén poderá discutirnos seriamente esta reivindicación. ¿Acaso teñen que selos pro- nivel moi próximo ó 20. fesoires/as os que paguen os platos rotos das políticas retributivas discriminatorias, inxustas e clientelistas que veñen aplicando as Administracións Públicas?